



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA “FAMILIAS ACOLLEDORAS”, DIRIXIDO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA ALLEA DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO, NO ANO 2025.

Lugar e data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no Diario Oficial de Galicia por Resolución de 1 de abril de 1991.

E doutra, dona Mercedes Casanova Díaz, con DNI 76363297P, que actúa en representación da Cruz Roja Española en Galicia (NIF Q2866001G), en virtude da súa condición de presidenta, segundo consta no seu nomeamento de data do 28 de abril de 2023, de conformidade cos artigos 15 e 17 dos seus estatutos.

As dúas persoas interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os nenos deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.





**Segundo.** Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**Terceiro.-** Que as Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto.-** Que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

**Quinto.-** Que a entidade Cruz Roja Española en Galicia, como organización non governamental de recoñecida solvencia recollida no Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, pola que se establecen as normas de ordenación da Cruz Roja Española, como unha institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público que desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado a través do Ministerio de Derechos Sociais e Agenda 2030. A entidade está recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0023.

A Cruz Roja Española en Galicia, como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, desenvolve unha acción preventiva dirixida á totalidade da infancia e encamiña os seus esforzos a protexer, de xeito específico, os/as menores e familias con dificultade social, velando así polo cumprimento dos seus dereitos fundamentais e atendendo ás súas necesidades específicas.

**Sexto.-** Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, considera de especial importancia potenciar o acollemento familiar de menores e está interesada en fomentar o Programa "Familias Acolledoras" de Cruz Roja Española en Galicia





para o ano 2025, para garantir o dereito dos menores a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

**Sétimo.-** Que o artigo 96.1.e) da Lei 3/2011, do 30 de xuño, recolle a posibilidade de que as entidades privadas sen ánimo de lucro colaboren nos procesos de acollemento familiar, adopción, así como o apoio e mediación ás familias acolledoras ou adoptantes.

Así mesmo, o artigo 96.2. da citada norma establece que a administración da Xunta de Galicia, para o desenvolvemento das funcións que lle correspondan ao amparo desta lei, poderá colaborar coas entidades prestadoras de servizos sociais.

**Oitavo.-** Que o artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa, entre outras, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A este respecto, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 figura a subvención "Convenio con Cruz Roja - Programa "Familias Acolledoras", de conformidade co disposto no artigo 37.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Cruz Roja Española en Galicia leva desde o ano 1995 desenvolvendo na nosa Comunidade Autónoma o Programa "Familias Acolledoras" contando co persoal especializado necesario nas catro provincias galegas, cos recursos e estrutura necesarios, co recoñecemento, coñecemento e solidez precisas para ofrecer garantías ás posibles familias acolledoras e coa experiencia e bo facer para a súa adecuada realización, polo que se entende necesario dar continuidade a un programa que tan bos resultados leva acadados ata a data.

Esta entidade acredita, a través dunha declaración responsable, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e da Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso a Cruz Roja Española en Galicia para a execución do Programa "Familias Acolledoras" no ano 2025, toda vez que é a única entidade, en toda a comunidade autónoma, que desenvolve un programa destas características.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverá de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do Programa "Familias Acolledoras" da entidade Cruz Roja Española en Galicia, que ten como obxectivo xeral proporcionar unha atención temporal a aqueles menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social, tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia, nun ambiente familiar normalizado, alleo á súa familia de orixe, por non existir esta ou non ser idónea para o seu coidado.

### SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Os/as beneficiarios/as do programa serán aquelas persoas menores de idade, de 0 a 17 anos, en situación de risco ou desamparo para as que a medida de acollemento familiar se estime como a máis axeitada, coa expectativa da posible volta a súa familia de orixe, nos casos nos que sexa posible.

### TERCEIRA.- OBXECTIVOS DO PROGRAMA

O obxectivo xeral do programa é a consecución do benestar das persoas menores, garantindo os seus dereitos e conseguindo a plena participación destes na vida dunha familia sen vínculos de orixe, outorgándolles, polo tempo necesario, a súa garda a unha persoa ou grupo familiar, coa obriga de velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.

Como obxectivos específicos establécense:

#### No contexto persoal:

- Acadar o axeitado desenvolvemento da persoa menor nos ámbitos hixiénico-sanitario, educativo, persoal e social.
- Proporcionar á persoa menor un ambiente normalizado axeitado para a súa idade e momento evolutivo.

#### No contexto familiar:

- Favorecer a reintegración da persoa menor na súa familia de orixe, no caso de considerarse axeitado polo Equipo Técnico do Menor da entidade pública, o máis axiña posible.
- Lograr que a familia acolledora preste unha adecuada atención á persoa menor.





- Promover a relación da familia de orixe da persoa menor acollida coa familia acollidora, no caso de considerarse axeitado polo Equipo Técnico do Menor da entidade pública.

### Actividades para o desenvolvemento dos obxectivos e compromisos

1. Sensibilización e captación de familias acolledoras. Actividades difundindo o proxecto para conseguir a vinculación e o compromiso de persoas e familias como posibles Familias de Acollida.
2. Formación – valoración de familias acolledoras. Achega a información necesaria para que a entidade pública valore e resolva con posterioridade sobre a adecuación dunha familia como acollidora.
3. Preparación e formación do acollemento. Ofrecer recursos que permitan ás familias afrontar o seu proxecto de acollemento desde o "saber" e o "sentir".
4. Colaboración cos Equipos Técnicos do Menor na execución do Plan Individualizado de Protección elaborado polos técnicos da entidade pública.
5. Seguimento e soporte continuado do acollemento. Facilitar o proceso de integración, acomodación e adaptación mutua do neno ou nena e da familia acollidora.
6. Finalización e peche do proceso. Traballar desde o inicio a preparación ao neno ou nena e á familia para que a despedida transcorra dun modo adecuado.
7. Establecemento dun sistema de xestión e coordinación que permita á entidade realizar o seguimento e avaliación do programa, a través da xestión de recursos económicos, materiais e participación do voluntariado.

### CUARTA.- COMPROMISOS DA CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA

Cruz Roja Española en Galicia deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ademais, no que respecta ao desenvolvemento do programa obxecto da subvención a través deste convenio, comprométese a:

- a) Designar ás persoas profesionais que levarán a cabo o programa en cada provincia, de conformidade coa cláusula TERCEIRA, ao que poderán vincular o persoal voluntario que estimen conveniente.
- b) Nomear a un/unha coordinador/a xeral, máximo/a responsable do programa, que desenvolva as tarefas de coordinación interprovincial.
- c) Captar, seleccionar, formar ás futuras familias acolledoras, con carácter previo ao proceso de valoración e resolución de adecuación da entidade pública, así como prestar





un asesoramento e atención continuada ás familias acolledoras participantes no programa.

- d) Facer un seguimento periódico das familias pertencentes ao programa, en espera de acoller, co obxecto de verificar a súa permanencia nel e a súa situación persoal, socioeconómica e familiar.
- e) Realizar un plan de adaptación individualizado para cada persoa menor que vaia ser acollida e un seguimento periódico ao longo do proceso de acollemento.
- f) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.
- g) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese da persoa menor, sobre calquera outro.
- h) Elaborar, dentro do mes seguinte á finalización do programa, unha memoria final de actuación do exercicio 2025 na que se recollerán, entre outros, os seguintes aspectos: actividades realizadas, recursos empregados, datos estatísticos, valoración global e propostas de mellora, e que terá como prazo límite para remitir á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade, o 31 de xaneiro de 2026.
- i) Facilitar á Administración toda a información e documentación esixida pola vixente circular de acollemento familiar, con suxeición á lexislación en materia de protección de datos e á restante normativa aplicable.

#### **QUINTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

Para o desenvolvemento do programa Cruz Roja Española en Galicia contará, polo menos, cun equipo en cada provincia formado por un/unha psicólogo/a e un/unha traballador/a social, podendo ser ampliado, segundo as esixencias da carga do traballo.

Ademais, poderá colaborar persoal voluntario de Cruz Roja Española integrado por monitores/as ou educadores/as, profesionais técnicos (avogados/as ou persoal sanitario, entre outros) e persoal para tarefas complementarias (transporte e outros).

O equipo que Cruz Roja Española en Galicia poña a disposición deste programa, en ningún caso, poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser esta entidade a que imparta as oportunas ordes ás súas persoas traballadoras e a que ostente, respecto destas, o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregadora.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan o programa e a Consellería de Política Social e





Igualdade, polo que non se lle poderá esixir á Consellería responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

Sen prexuízo do establecido na cláusula novena sobre a protección de datos persoais, a entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

## **SEXTA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS**

1. Para a realización de actuacións obxecto do programa subvencionado, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de 663,866,00 €, que supón o total do importe do programa. Dito importe ven reflectido na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, partida orzamentaria 08.02.312B.481.2 A devandita achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade beneficiaria.

O Anexo I recolle a distribución entre partidas do dito importe. Non obstante, poderanse admitir variacións na contía de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

2. O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social e Igualdade realizarase, en aplicación do artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

a) Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 531.092,80 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste programa .

b) Os 132.773,20 € restantes pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividades do programa subvencionado.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

3. Os gastos das actividades do programa que poidan ser subvencionables deben xustificarse de conformidade co previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse en cada xustificación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:





1º. Unha relación clasificada dos gastos das actividades do programa subvencionado, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no ordinal anterior, xunto coa documentación acreditativa do pagamento. Estas serán cotexadas por parte do órgano encargado do control da documentación presentada e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no ordinal 1º, agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

c) En canto aos custos salariais, Cruz Roja Española en Galicia deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades nas que se realizaron as actividades que conforman o programa obxecto de subvención, a seguinte documentación:

- 1 Relación nominal das persoas traballadoras que realizaron as actividades que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- 2 Recibos de salarios.
- 3 Recibo de Liquidación de Cotizacións (RLC) e Relación Nominal de Traballadores (RNT).
- 4 Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións que conforman o programa subvencionado; no caso de dedicación inferior ao total da xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto, se non se atopase diferenciado na nómina, e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, xuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada, en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social deste persoal, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnizacións de fin de contrato non se poden imputar.





Tampouco serán gastos subvencionables as vacacións pagadas, pero non disfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do/a traballador/a titular subvencionaranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que o/a substitúe.
- No caso de que non se substitúa o/a traballador/a titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade, excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.

4. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar, a través dos medios electrónicos dispoñibles, os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas, agás oposición expresa da Cruz Vermella Española en Galicia, en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- a) NIF da entidade.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Agencia Estatal da Administración Tributaria.
- d) Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Cruz Roja Española en Galicia a presentación dos documentos correspondentes.

Cruz Roja Española en Galicia, no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

5. Dado que os gastos realizados e pagados das actuacións/actividades do programa a subvencionar serán os comprendidos entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de





2025, en virtude da cláusula décimo primeira, a xustificación deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade con data límite do 17 de decembro de 2025.

A Cruz Roja Española en Galicia, comprométese á presentación dos xustificantes de pago relativos a custes salariais que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre unha vez obren no seu poder e non máis tarde do 15/02/2026.

### **SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE**

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria da subvención.

### **OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL**

A Cruz Roja Española en Galicia deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do programa subvencionado a través deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Cruz Roja Española en Galicia deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

### **NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos per-





soais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Política Social e Igualdade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e, en concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro; da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no seu caso.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os/as cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>."

A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

Cruz Roja Española en Galicia tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución do seu programa subvencionado a través deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto.





## DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da entidade Cruz Vermella Española en Galicia designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as persoas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da consellería designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de familia, infancia e adolescencia.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de familia, infancia e adolescencia, designada pola persoa titular da presidencia, actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

## DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa subvencionado a través do presente convenio que realizase a entidade beneficiaria dende o 1 de xaneiro de 2025, tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

## DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerese nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.





A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición, ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso administrativa, de acordo co artigo 123 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se o acto fora expreso poderase formular un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderase interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderase interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase formular directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, que se contará, para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se fose o caso.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá exixirlle á entidade beneficiaria o reintegro das cantidades achegadas e dos xuros de morados acumulados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que acorde a procedencia do reintegro. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade que conforman o programa subvencionado.





En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### DÉCIMO CUARTA.- OBRIGAS DE PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición, en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro; o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan no lugar e data da súa sinatura dixital.

|   |   |
|---|---|
| A conselleira de Política Social e Igualdade<br>Fabiola García Martínez | A presidenta da Cruz Roja Española en Galicia<br>Mercedes Casanova Díaz |
|---|---|





ANEXO

| CADRO DE GASTOS 2025 | ORZAMENTO EN EUROS  |
|----------------------|---------------------|
| 1. PERSOAL           | 663.866,00 €        |
| TOTAL PROGRAMA       | <b>663.866,00 €</b> |

